

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS AO ESTUDO PROPIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2025/2026

O alumnado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h) dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo é consciente de que parte do seu alumnado presenta diversas circunstancias económicas e familiares que lle impiden ou dificultan afrontar os gastos derivados da actividade académica e que poden afectar negativamente ao rendemento académico do alumnado.

Por esta razón a Universidade establece un programa de axudas destinadas a garantir que non se produza un abandono dos estudos do alumnado mais vulnerable motivado polas devanditas dificultades. A presente convocatoria está prevista no plan de subvencións da Universidade de Vigo para o ano 2026.

Unha vez vista a *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade*,

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva, **Axudas ao estudo** propias UVIGO para estudantado de titulacións de Grao e Máster Universitario da Universidade de Vigo, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no portal de bolsas da Universidade <https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ESTUDO PROPIAS UVIGO NO CURSO 2025/2026

1. OBXECTO

O obxecto das axudas é atender as necesidades do estudantado matriculado en titulacións de Grao e Máster Universitario que presentan circunstancias económicas ou familiares que lle impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar axuda o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais

Atoparse nalgún dos seguintes casos:

- Posuír nacionalidade española.
- Posuír a nacionalidade dun estado membro da Unión Europea e acreditar a condición de residente legal a 31 de decembro de 2024.
- Persoas con nacionalidade extracomunitaria que acrediten a 31 de decembro de 2024 a residencia legal en España, de acordo co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España (non é suficiente o permiso de estadía por estudos). No caso das persoas solicitantes de estatuto de refuxiado ou protección subsidiaria deben cumprir o requisito de residencia a 30 de xuño de 2025.

Poderá obterse a condición de beneficiario destas axudas aínda que non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, conforme o disposto no artigo 4.5 do *Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas*.

2.2. Requisitos académicos:

- Estar matriculado/a no curso 2025/2026 na Universidade de Vigo en titulacións oficiais de Grao e Máster Universitario en centros propios ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro).

O estudantado que se matricule no primeiro curso dun Máster Universitario sen posuír a titulación de Grao, de acordo co establecido no artigo 18.4 do *Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias*, poderá obter bolsa sempre que acredite estar en posesión da referida titulación de Grao no prazo de solicitudes.

- Estar matriculado nun mínimo de **42 créditos** ou da totalidade dos que lle permita a normativa da Universidade, agás no caso de alumnado con discapacidade de grao igual ou superior ao 65% que poderá reducir a carga lectiva ata un máximo do 50%.



- c) O alumnado que continúe estudos oficiais de Grao ou Máster Universitario deberá ter **superado** no curso anterior ou no último realizado na universidade:

- 55% dos créditos matriculados nas titulacións de Grao da rama de Enxeñaría e Ciencias.
- 60% dos créditos matriculados nas titulacións de Grao da rama de Ciencias da Saúde
- 70% dos créditos matriculados no resto das titulacións de Grao.
- 80% dos créditos matriculados nas titulacións de Máster Universitario da rama de Enxeñaría e Ciencias.
- 90% dos créditos matriculados no resto das titulacións de Máster Universitario.

De xeito excepcional, admitiranse solicitudes que teñan un menor número de créditos superados sempre que se xustifique adecuadamente o motivo (enfermidade, coidado de familiares dependentes enfermos...) e sexa así considerado pola comisión de selección.

Será de aplicación a esta convocatoria o establecido na convocatoria xeral de bolsas do MEFPD (Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes) relativo ao excepcional aproveitamento académico, ao cambio de estudos e a finalización de estudos.

- d) Non superar o número máximo permitido de bolsas de axudas ao estudo concedidas en cursos anteriores:

- 6 bolsas concedidas para alumnado de Grao da Rama de Enxeñaría,
- 5 bolsas concedidas para alumnado do resto de estudos de Grao,
- os anos dos que conste o plan de estudos nos estudos de Máster Universitario.

- e) Non estar en posesión ou non reunir os requisitos legais para a obtención dunha titulación do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para os que se solicita a axuda.

2.3. Requisitos económicos:

- a) A suma de **rendas** de todos os membros da unidade familiar non pode superar os seguintes limiares:

- Familias de 1 membro: 13.898,00 €.
- Familias de 2 membros: 23.724,00 €.
- Familias de 3 membros: 32.201,00 €.
- Familias de 4 membros: 38.242,00 €.
- Familias de 5 membros: 42.743,00 €.
- Familias de 6 membros: 46.142,00 €.
- Familias de 7 membros: 49.503,00 €.
- Familias de 8 membros: 52.850,00 €.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.340,00 € por cada novo membro computable.

- b) O **patrimonio** familiar non pode superar os seguintes limiares:

- A suma de rendementos netos reducidos de capital mobiliario máis o saldo neto positivo de ganancias e perdas patrimoniais non poderá superar 1.700,00 €.
- A suma de valores catastrais das fincas urbanas pertencentes á unidade familiar, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42.900,00 €. Os valores catastrais pondéranse polos coeficientes establecidos na normativa de bolsas MEFPD de carácter xeral para estudantes universitarios para o curso 2025/2026.



Para o cálculo da renda familiar serán membros computables o pai e a nai (ou titores legais), a persoa solicitante, e os/as irmáns/ás solteiros/as menores de 25 anos.

Tamén serán considerados membros, os/as irmáns/ás de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade e os/as avós/avoadas, que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio co certificado municipal conxunto correspondente a 31 de decembro de 2024; **no caso de non acreditar a convivencia non serán tidos en conta.**

No caso de separación legal ou divorcio dos proxenitores cando a custodia é compartida, consideraranse membros computables: o pai e a nai do/a estudante que solicita a bolsa, e os/as fillos/as comúns.

Cando a custodia non sexa compartida non se considera membro da familia aquel que non conviva có/coa solicitante, pero si o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación. Tamén se incluírán os/as fillos/as de ambos que convivan nese domicilio, tanto comúns a ambos cónxuxes como non comúns, se son solteiros/as menores de 25 anos ou os de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o cónxuxe ou persoa á que se atope unido por análoga relación, así como os/as fillos/as, se os houbera.

No caso de solicitantes que alegan independencia familiar e económica, deberá acreditar que conta con medios económicos propios suficientes así como a titularidade ou aluguer da vivenda a 31 de decembro de 2024.

Será de aplicación a efectos da composición da unidade familiar o disposto na normativa de bolsas MEFPD de carácter xeral para estudantes universitarios para o curso 2025/2026.

Tamén será de aplicación no tocante ao cálculo da renda e do patrimonio, agás o establecido con respecto ás rendas exentas de IRPF que serán computadas na renda familiar.

3. INCOMPATIBILIDADES

Esta axuda é incompatible con calquera outra axuda concedida para a mesma finalidade, en concreto é incompatible coa bolsa de carácter xeral convocada polo MEFPD e do Goberno Vasco.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. O importe total desta bolsa ascende a un máximo de 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2026 0000 121D 482.03; por tratarse dun expediente de tramitación anticipada, a contía total máxima ten carácter estimado e a adxudicación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas desta convocatoria no exercicio correspondente.

No caso de existir crédito dispoñible nas condicións establecidas no artigo 58 do Real *Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións*, poderase fixar unha contía adicional. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que



proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no Portal de bolsas da web da UVIGO e nos rexistros xerais da universidade, con carácter previo á resolución de concesión, sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

2. A contía individual máxima é a suma de:

a) O importe dos prezos públicos por servizos académicos das materias matriculadas en primeira matrícula unha vez realizadas as exencións e bonificacións do pagamento dos prezos ás que teña dereito a persoa beneficiaria.

b) Contía de residencia en estudos presenciais: **ata 1.000 €** de acordo co seguinte criterio:

matrícula de 60 ou mais créditos: 1.000 €
matrícula entre 42 e 59 créditos: 500 €
matrícula de menos de 42 créditos: 250 €

Pode obter esta contía:

- estudantado procedente do sistema de protección á infancia de calquera comunidade autónoma,
- o resto do estudantado cando a distancia entre o domicilio familiar e o centro de estudos é igual ou superior a 40 km e aqueles casos nos que sendo inferior sexa acreditada a necesidade e concedida pola comisión.

c) Contía ligada á renda: **ata 1.000 €** cando a renda familiar sexa inferior a

Familias de 1 membro: 8.843,00 €
Familias de 2 membros: 13.264,00 €
Familias de 3 membros: 17.685,00 €
Familias de 4 membros: 22.107,00 €
Familias de 5 membros: 25.644,00 €
Familias de 6 membros: 29.181,00 €
Familias de 7 membros: 32.718,00 €
Familias de 8 membros: 36.255,00 €

A partir do oitavo membro engadiranse 3.536,00 € por cada novo membro computable. De acordo co seguinte criterio:

matrícula de 60 ou mais créditos: 1.000 €
matrícula entre 42 e 59 créditos: 500 €
matrícula de menos de 42 créditos: 250 €

No caso de que non exista crédito suficiente para outorgar a contía establecida á última persoa seleccionada, esta recibirá o importe restante ata o esgotamento do crédito, sen prexuízo de que no caso de que se produza algunha renuncia se lle complete ata a contía prevista.

No caso de non esgotar o orzamento dispoñible a comisión de selección poderá acordar un incremento da contía máxima polo mesmo importe para todas as persoas beneficiarias.

3. O pagamento da bolsa efectuarase no prazo de un mes desde a resolución de adxudicación mediante transferencia á conta bancaria en España indicada na solicitude e da que deberá ser titular. Así mesmo poderá realizarse o abono da axuda mediante o procedemento de pago en formalización para aqueles estudantes que teñan importes de prezos públicos pendentes de aboar.



5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude realizarase a través do **formulario en liña** dispoñible na secretaría virtual da Universidade <http://secretaria.uvigo.gal/> na que deberá rexistrarse e seleccionar "bolsas propias de estudos/**AXUDAS AO ESTUDO**".

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os/as interesados/as neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitarase que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **30 de xaneiro do 2026** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación:

- O **Anexo II** debidamente asinado por cada un dos membros da unidade familiar con sinatura dixital ou manuscrita autorizando á universidade a consultar os datos de renda e patrimonio.
- Documentación acreditativa das distintas situacións que afecten á **composición da unidade familiar**:
 - Certificado municipal conxunto correspondente a 31 de decembro de 2024 nos seguintes casos:
 - Viuvez, separación e/ou divorcio do/a sustentador/a principal.
 - Independencia económica e familiar da persoa solicitante
 - Se hai ascendentes dos pais ou irmáns/ás maiores de 25 anos con discapacidade residindo no domicilio familiar.
 - Sentenza de divorcio ou convenio regulador, de ser o caso.
 - Independencia económica e familiar: deberá presentar a documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en aluguer, e de dispoñer dos medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos, contrato de aluguer e xustificación de ingresos.
 - No caso do estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia este deberá presentar certificado expedido polo órgano competente da comunidade autónoma.
- Documentación acreditativa das situacións que dan dereito a **dedución no cálculo da renda**:
 - Título de familia numerosa.
 - Acreditación de orfandade absoluta.
 - Certificado de discapacidade (do/a solicitante, irmáns/ás e fillos/as do/a solicitante).
 - Irmáns estudantes universitarios residentes fora do domicilio familiar durante o curso anterior 2024/2025 (expediente académico e contrato de aluguer).
 - Familia monoparental.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos no estranxeiro polos membros da unidade familiar do ano 2024.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos no ano 2024 exentos de IRPF (RISGA, pensión de orfandade, pensión de incapacidade...)



- No caso de residir fora do domicilio familiar e a distancia entre este e o centro universitario sexa inferior a 40 km achegarse contrato de aluguer ou xustificante da residencia que abranga o curso académico, os horarios de docencia selados polo centro e os horarios dos medios de transporte público colectivo.

Tamén se lle poderá requirir que acheguen outra documentación que a xuízo da comisión de selección resulte necesaria para a correcta avaliación dos requisitos.

6. COMPROBACIÓN DE DATOS

De acordo co establecido no artigo 28 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, para a tramitación deste procedemento consultarase de xeito electrónico os datos necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos de renda e patrimonio, para o que todos os membros da unidade familiar deberán dar o seu consentimento (**Anexo II**) en aplicación do disposto no *Regulamento (UE) 2016/679* e na *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*.

No caso de non consentir, ou que as administracións non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá enviar a bolsas@uvigo.es no prazo de solicitudes, os documentos que acheguen información sobre a renda e patrimonio da unidade familiar.

Así mesmo consultarase de xeito electrónico os seguintes datos en poder das administracións públicas, agás no caso de que se opoña expresamente:

- Identidade
- Residencia legal

No caso de existir oposición, ou que as administracións non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá enviar os documentos que acheguen información a bolsas@uvigo.es no prazo de solicitudes.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** xunto coa documentación na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

No caso de existir dúbidas acerca do cumprimento dos requisitos estas serán resoltas pola comisión de selección.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada por unha comisión de selección ata o esgotamento do crédito orzamentario de acordo coa seguinte puntuación:



Número de membros da unidade familiar	Renda inferior a	Renda inferior a	Renda inferior a	Renda inferior a	Renda inferior a	Renda inferior a
1	13.898 €	12.005 €	10.112 €	8.843 €	6.085 €	4.192 €
2	23.724 €	20.660 €	17.597 €	13.264 €	10.973 €	7.910 €
3	32.201 €	28.188 €	24.176 €	17.685 €	15.460 €	11.448 €
4	38.242 €	33.739 €	29.237 €	22.107 €	19.464 €	14.962 €
5	42.743 €	38.042 €	33.342 €	25.644 €	23.127 €	18.427 €
6	46.142 €	41.439 €	36.736 €	29.181 €	26.523 €	21.820 €
7	49.503 €	44.789 €	40.076 €	32.718 €	29.851 €	25.138 €
8	52.850 €	48.115 €	43.380 €	36.255 €	33.120 €	28.386 €
Puntos	1	2	3	4	5	6

A partir do oitavo membro engadiranse 3.340,00 € por cada novo membro computable.

No caso de empate na puntuación, terá prioridade o alumnado coa nota mais alta de acordo co seguinte criterio:

1. Para estudantado de continuación de estudos de grao e de mestrado universitario, nota media do expediente académico do último curso cursado.
2. Para o estudantado de inicio de estudos de grado ou mestrado universitario, nota de acceso, agás cambio de estudos do mesmo nivel ou adaptación ao novo plan de estudos, neste caso terase en conta a nota media do último curso cursado.
3. Ao estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia se lle sumarán dous puntos a nota.

A comisión de selección estará composta por:

A presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

A secretaria: María Guadalupe Fernández Romero, xefa da Sección de Axudas e Bolsas

Vogais:

Uxío Pérez Rodríguez, profesor da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Óscar Rubiños López, profesor da Escola de Enx. de Telecomunicación

Ana María Torrado Agrasar, profesora da Facultade de Ciencias

María Elsa Vázquez Otero, profesora da Facultade de Ciencias do Mar

Joseba Delgado Parada, alumno da Facultade da Educación e Traballo Social

Sandra María Martínez Gómez, alumna da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Sabela Pérez Martín, alumna da Escola de Enxeñaría Forestal

Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee mediante Resolución Reitoral. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.



4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida coa súa puntuación, persoas con bolsa denegada** con mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** existente na secretaría virtual da universidade.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviará a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

A resolución conterá a **listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, denegada e a causa de denegación**, e a **listaxe de agarda** coa puntuación para o caso de existiren renuncias.

7. As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 6 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

8. As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias faranse ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. RENUNCIA

A renuncia voluntaria á bolsa deberá realizarse mediante o formulario de renuncia existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pago.

As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos no seu caso e á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o curso académico 2025/2026 para poder manter a súa condición de bolseira.
- Comunicar á Sección de Axudas e Bolsas as bolsas concedidas da mesma natureza e finalidade no curso 2025/2026.

O estudantado que non obteña a axuda deberá contactar coa secretaría do centro no que se atopan matriculado no prazo de 5 días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación da resolución definitiva co fin de aboar o importe da matrícula, no caso de non telo feito antes.

Ademais debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, que lles sexan de aplicación.



10. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación ou alteración de datos, ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.
- A anulación de matrícula, o arquivo da mesma por falta de pagamento ou traslado do expediente a outra Universidade durante o curso académico 2025/2026.
- Ter concedida bolsa MEFPD en fase de recurso con carácter posterior á concesión desta axuda.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS

Autorizo á Universidade a consultar os datos de renda e patrimonio a través das Administracións Tributarias e a Dirección Xeral do Catastro (debe ser asinado por cada un dos membros da unidade familiar).

Membros da unidade familiar:

NIF	NOME E APELIDOS	SINATURA

No caso de non autorizar a consulta deberá enviar a bolsas@uvigo.es a documentación que achegue información sobre a renda e patrimonio da unidade familiar no prazo de presentación de solicitudes.

